



CULLEREDO  
CONCELLO  
Conservatorio Profesional de Música

# Programación DIDÁCTICA

## ITINERARIO PEDAGOXÍA

Conservatorio Profesional de  
Música de Culleredo

Conservatorio Profesional de Música  
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30  
15670 O BURGO-CULLEREDO  
Tfno. 981.667798

e-mail: [conservatorio@culleredo.es](mailto:conservatorio@culleredo.es)  
[www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)

ITINERARIO DE PEDAGOXÍA

Datos da materia	
Departamento:	Departamento de Composición
Curso:	6º
Grao:	Profesional
Carga lectiva:	1 hora á semana
Materia:	Optativa de itinerario
Especialidade:	Todas

### Obxectivos<sup>1</sup>

- a) Coñecer as escolas pedagóxicas e os seus recursos pedagóxicos no ensino da música.
- b) Comprender a diferenza entre educación e pedagogía e as súas implicacións no ámbito da educación musical.
- c) Coñecer a estrutura do sistema educativo e cómo a educación musical se insire no mesmo.
- d) Aproximarse aos principios pedagóxicos que deben guiar a educación musical.
- e) Coñecer o proceso de concreción curricular, os documentos vinculados a cada nivel e os seus compoñentes.

### Contidos<sup>1</sup>

- As escolas pedagóxicas e os seus recursos aplicados no ensino da música.
- Educación, educación musical e Pedagogía.
- O sistema educativo. A música no sistema educativo.
- Principios da educación musical.
- Procesos de educación musical: educación formal, non formal e informal.
- Medios, recursos e materiais didácticos para o ensino da música.
- Técnicas e estratexias de aprendizaxe e estudo.
- Niveles de concreción curricular.
- O currículo e os seus compoñentes.
- Modelos de programación didáctica, a programación de aula e unidade didáctica.

### Criterios de avaliación<sup>1</sup>

- 1) Coñecer a estrutura do sistema educativo e da educación musical no territorio nacional.  
*Con este criterio preténdese avaliar o nivel de coñecemento do alumno sobre a actual dualidade do ensino musical no noso sistema educativo e a súa finalidade:*

*educación musical profesional e educación musical como formación xeral nos procesos de educación formal, non formal e informal.*

- 2) Mostrar o coñecemento e o desenvolvemento de criterio propio respecto dos principios pedagóxicos que deben estar presentes na educación musical dos diferentes niveis educativos.

*Este criterio avalía a capacidade do alumno de elaborar e reflexionar sobre os contidos desenvolvidos na aula con respecto aos principios pedagóxicos da educación musical.*

- 3) Demostrar o coñecemento dos métodos máis coñecidos de educación musical e a súa aplicación actual.

*Valórase o coñecemento e a comprensión do alumnado dos métodos pedagóxicos máis coñecidos en relación aos elementos idiosincrásicos que os xeraron para analizar os seus elementos innovadores e os de utilidade para o noso modelo de ensino musical .*

- 4) Demostrar o coñecemento dos conceptos básicos da didáctica: compoñentes curriculares, elementos da metodoloxía e a súa formulación.

*Este criterio avalía os coñecementos xerais relacionados cos deseños curriculares.*

- 5) Comprender o proceso de concreción curricular e saber determinar as peculiaridades que caracterizan cada nivel e os elementos que os compoñen.

*Preténdese comprobar o nivel de asunción do proceso de adaptación do currículo e do coñecemento e implicacións dos documentos que delimitan cada nivel curricular.*

- 6) Ser capaz de deseñar e impartir unha clase de Iniciación (I ou II), 1º de Linguaxe musical ou 1º da especialidade instrumental dos alumnos.

*Con este criterio comprobarase a capacidade do alumno para facer a transformación entre as xeralidades incluídas na programación didáctica dunha materia e a planificación real da aula a través do desenvolvemento dunha unidade didáctica.*

### **Procedementos e instrumentos de avaliación**

Nas primeiras sesións de clase poñeranse en marcha mecanismos de avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos alumnos respecto dos contidos que se desenvolverán na materia. Serán útiles todos os coñecementos adquiridos nos anos anteriores para o desenvolvemento da materia. É necesario ter en conta á hora de levar a cabo a avaliación que os alumnos é a primeira vez que se enfrontan ao análise e o coñecemento do feito educativo máis alá da súa experiencia persoal.

No que respecta á medida dos resultados na materia primarase a avaliación continua ou formativa fronte á avaliación sumativa. Ao final de cada período trimestral de docencia adxudicarase aos resultados de cada alumno unha cualificación cuantitativa

nunha escala de entre 0 e 10. A cualificación do último trimestre corresponderase coa cualificación final que constará no expediente do alumno como nota xeral da materia.

Ao longo dos trimestres desenvolveranse diferentes actividades avaliáveis: exercicios de aula, traballos individuais ou grupais, prácticas de aula, informes, etc.

Tendo en conta a combinación na materia do desenvolvemento de contidos cun carácter máis teórico xunto co de coñecementos prácticos, os instrumentos de avaliación variarán entre os resultados das propias actividades da aula (exercicios, debates, comentarios, informes, etc.), os traballos acordados, probas pechadas (tales coma cuestionarios ou tests) e probas abertas (preguntas curtas ou a desenvolver); e a valoración da práctica de aula, tanto individual como en conxunto.

Os reducidos ratios que caracterizan ao noso conservatorio nestes niveis facilitará un seguimento personalizado de cada alumno, diminuindo a necesidade de probas de medida cuantitativas.

A autoavaliación será un requisito imprescindible para cada alumno. O exercicio de analizar e valorar o grao de implicación, traballo, e resultados fomenta a acomodación de metas e estratexias de aprendizaxe así como a responsabilidade.

### **Criterios de cualificación**

- Terase en conta o grao de aprendizaxe e asimilación dos contidos teóricos, así como a capacidade para a súa posta en práctica.
- Valorarase o nivel de destreza adquirido nas diferentes técnicas propostas e a súa relación con prácticas didácticas contextualizadas.

Na cualificación poñerase en valor o interese e a implicación demostrados polo alumno na materia.

### **Enfoque metodolóxico**

O desenvolvemento da materia combina o desenvolvemento de contidos, de carácter teórico e de carácter práctico. O feito de que esta materia sexa o primeiro contacto dos alumnos co ámbito da pedagogía como área de coñecemento esixe dedicar gran parte dos tempos asignados á actividade docente ao desenvolvemento de contidos de corte teórico que son básicos para fundamentar o pensamento no ámbito de estudo. A achega dos alumnos a estes contidos farase desde diferentes orientación metodolóxicas: a clase maxistral, método indutivo e dedutivo a través de debates ao redor de cuestións plantexadas ao efecto, traballo con textos ou materiais didácticos, etc. En todo caso, a participación dos alumnos será un elemento primordial no desenvolvemento das sesións de clase, que permitirá achegar os contidos aos intereses dos alumnos e conseguir que as sesións non se cingan a unha fría exposición de datos teóricos.

Ademais unha parte da materia correspóndese con sesións prácticas nas que os alumnos deben realizar comentarios de textos, análises sobre aspectos desenvolvidos na aula, resolución de casos, informes ou traballos sobre temas acordados. Dentro da categoría da parte práctica da materia delimitaranse tempos para tarefas máis próximas

ás funcións docentes, tales como deseño de programación, unidades didácticas, actividades de aula e a súa aplicación real, nunha sesión ou varias, nalgunha materia do noso contorno tales como Iniciación I ou II, primeiro de Linguaxe musical ou primeiro das especialidades instrumentais.

O desenvolvemento dos contidos levarase a cabo nunha organización de gran grupo, que poderá ser reestruturada en pequenos grupos para a resolución de tarefas encomendadas en clase ou a realización de traballos. As sesións de corte máis teórico e as de carácter práctico secuencializaranse de forma alterna, ou mesmo combinándose dentro dunha mesma sesión.

A significatividade das aprendizaxes e o carácter construtivista marcarán as dinámicas de aula:

- Aprendizaxes útiles e que guíen a configuración dunha mentalidade pedagóxica fundamentada e o coñecemento das funcións pedagóxicas.
- O alumno debe construír a súa aprendizaxe.

Nesta liña os alumnos son o centro do proceso de ensino-aprendizaxe, mentres que o docente debe adoptar un perfil de guía e condutor.

Así mesmo a secuencialización e os recursos desenvolveranse de forma flexible e atendendo ás necesidades, peculiaridades e progresos dos alumnos, o cal afectará ao proceso de avaliación continua ou formativa.

En todo caso, a experiencia doutros cursos achéganos a unha realidade onde o ámbito educativo minusvalórase como ámbito de especialización e mestúranse opinións subxectivas e parciais fronte a principios recoñecidos pola área de coñecemento. Esta tendencia á «opinionitis» pretende ser reconstruída dende a evidencia das investigacións actuais do ámbito científico da Pedagogía.

### Recursos didácticos

Os principais recursos para o desenvolvemento da materia son o interese dos alumnos. É posible que para algunha das sesións os alumnos deban acudir a clase cos seus instrumentos. En todo caso, será necesario a toma de apuntes e referencias de forma individual. Na aula poderanse entregar copias de exercicios. A pescuda de recursos na rede será unha práctica habitual. Para as tarefas encomendadas fora da aula os alumnos poderán facer uso das instalacións do centro nas condicións e esixencias determinados polas Normas de Organización e Funcionamento.

Non se establece bibliografía obrigatoria. Como bibliografía orientativa pode consultarse, entre outra:

Campbell, D. (1997). *El efecto Mozart*. Barcelona: Urano.

Cartón, C. y Gallardo, C. (1994). *Educación musical. «Método Kodály»*. Valladolid: Castilla.

- Casas, P. (2006). Música... ¡Cuanto antes, mejor! *El Artista: Revista de Investigaciones en Música y Artes Plásticas*, 3, 20. Obtenido el 29 de julio de 2011, desde <http://redalyc.uaemex.mx/pdf/874/87400313.pdf>
- Cateura, M<sup>a</sup> (1992). *Por una educación musical en España: estudio comparativo con otros países*. Barcelona: PPU.
- Cruces, F. y otros (2001). *Las culturas musicales. Lecturas de etnomusicología*. Madrid: Trotta.
- Despins, J. P. (1986). *La música y el cerebro*. Barcelona: Gedisa.
- Domingo, V (2006). El valor de la educación musical en el desarrollo integral de la persona. *Educaweb.com* Obtenido el 29 de julio de 2011, desde <http://www.educaweb.com/noticia/2008/02/11/valor-educacion-musical-desarrollo-integral-persona-12793.html>
- Gardner, H. (1990). *Educación artística y desarrollo humano*. Barcelona: Paidós.
- Gardner, H. (2005). *Inteligencias múltiples. La teoría en la práctica*. Buenos Aires: Paidós Surcos16. Edición original de 1993.
- Goleman, D. (1996). *Inteligencia emocional*. Barcelona: Kairos.
- Grube, T. y Sánchez, E. (Dir.) (2004). *¡Esto es ritmo!* (DVD). Alemania: Cine Plus, Boomtown Media GmbH & Co.
- Hargreaves, D. (1998). *Música y desarrollo psicológico*. Barcelona: Graó.
- Hargreaves, D. (2002). *Infancia y educación artística*. Madrid: Morata.
- Hemsey, V. (1964). *La iniciación musical del niño*. Buenos Aires: Ricordi.
- Lacárcel, J. (1995). *Psicología de la música y educación musical*. Madrid: Visor.
- Levitin, J. L. (2008). *Tu cerebro y la música. El estudio científico de una obsesión humana*. Barcelona: RBA.
- López, J. S. y Longueira, S. (2004). Educación Musical, *Ensaio*, 7, 76-83.
- Malbrán, S. (2007). Las competencias del educador musical: sí, pero... *Eufonía*, 41, 37-48.
- Megías, I. y Rodríguez, E. (2001). *Jóvenes entre sonidos. Hábitos, gustos y referentes musicales*. FAD y Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. Obtenido el 25 de julio de 2011, desde [www.fad.es/sala\\_lectura/jovenesentresonidos.pdf](http://www.fad.es/sala_lectura/jovenesentresonidos.pdf)
- National Geographic (2009). *Mi cerebro musical* (DVD). USA: National Geographic.
- Pascual, P. (2006). *Didáctica de la música*. Madrid: Pearson Prentice Hall.
- Perrenoud, P. (2005). *Diez nuevas competencias para enseñar. Invitación al viaje*. Barcelona: Graó.
- Sacks, O. (2009). *Musicofilia. Relatos de la música y el cerebro*. Barcelona: Anagrama.

- Sarramona, J. (2004a). *Las competencias básicas en la educación obligatoria*. Barcelona: Ceac.
- Shapiro, L. (1997). *La inteligencia emocional de los niños*. Bilbao: Zeta.
- Small, C. (2006). *Música, sociedad, educación. Un examen de la función de la música en las culturas occidentales, orientales y africanas, que estudia su influencia sobre la sociedad y sus usos en la educación (2ª reimp.)* (fecha 1ª ed. 1989; fecha 1ª ed. inglesa 1980). Madrid: Alianza.
- Swanwick, K. (1991). *Música, pensamiento y educación*. Madrid: Morata. (edición inglesa de 1988).
- Touriñán López, J. M. (Dir.) (2010). *Artes y educación. Fundamentos de Pedagogía mesoaxiológica*. A Coruña: Netbiblo.
- Varios (2004). Música y Comunicación. *Comunicar*, 23. Número Monográfico.
- Varios (2007). Competencias en Educación Musical. *Eufonía*, 41. Número Monográfico.
- Varios (2008a). El Aprendizaje y la Enseñanza de la Interpretación Musical. *Cultura y educación*, 20(1). Número Monográfico.

### **Procedimientos de acceso ao currículo**

Os alumnos que acceden a esta materia son alumnos que promocionan do quinto curso do grao profesional ou ben os alumnos que superan a proba de acceso ao sexto curso, no que se sitúa a materia no currículo. Polo tanto ben no caso dos alumnos que acceden dende o ensino regrado, ben os alumnos que acceden a través da proba de acceso, demostraron haber adquirido os contidos, os coñecementos e as competencias propias de cada especialidade para este nivel.

Tal e como recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música, a adaptación das materias a alumnos con necesidades educativas especiais ou específicas non pode afectar aos compoñentes prescriptivos do currículo, polo que as medidas factibles que poderían poñerse en marcha para reforzar as aprendizaxes nestes casos serán medidas de reforzo e apoio educativo.

### **Actividades culturais e promoción das ensinanzas**

A materia está relacionada coas actividades culturais contidas na Programación Xeral Anual. Dende a materia poderá colaborar na programación e posta en marcha de algunhas das actividades levadas a cabo, dende as achegas do ámbito pedagóxico: audicións de aula, concertos trimestrais de centro, concertos exprés, etc. Ademais os alumnos deberán mostrar especial interese polos concertos desenvolvidos no centro ou fora (saídas) de agrupacións alleas ao mesmo con carácter didáctico.

## **Procedementos para coordinar, valorar e revisar o desenvolvemento e resultados da programación**

A programación coordinarase coas demais materias do nivel que cursa o alumno. De especial mención é a materia optativa Técnicas de composición aplicadas á didáctica, situada tamén no sexto curso do grao profesional.

A materia aportará un achegamento ao ámbito da educación e á pedagogía. Na medida en que a materia ten carácter propedéutico cara á especialización posterior dos alumnos nas ramas pedagóxicas do grao superior débese gardar o máximo rigor no enfoque e contidos desenvolvidos.

O departamento ao que se adscribe a materia encargarse de avaliar os resultados ao final de cada período lectivo. Ao rematar cada trimestre debe valorarse os resultados adquiridos polos alumnos con respecto aos obxectivos establecidos inicialmente. Así mesmo, revisaranse os obxectivos e contidos programados para o trimestre seguinte. Ao final do curso farase un análise dos resultados xerais do curso académico, recollendo nunha breve memoria o número de aprobados e suspensos, as cualificacións por alumnos e a media da promoción, obxectivos e contidos desenvolvidos e a que nivel, así como calquera outra peculiaridade que sexa proposta polo docente ou solicitada polo xefe do departamento ou pola xefatura de estudos. Estes datos e o seu análise formarán parte da memoria anual do centro.

## **Procedemento para realizar a avaliación interna do departamento**

A avaliación interna do departamento está enmarcada dentro dos procedementos de avaliación do centro. Ao finalizar cada curso o departamento porá en marcha a elaboración da memoria anual na que deberanse ter en conta os datos aportados por cada materia. En base aos datos obtidos analizaranse posibles procedementos de mellora cara ao curso seguinte de forma conxunta que serán propostos ante a xefatura de estudos.

---

<sup>1</sup> Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanza profesional de réxime especial de música.